



PROGRAMACIÓN DE LINGUA PORTUGUESA 1º BACH

IES VALGA

CURSO 2013/ 2014

INDICE

1.- Introducción.....	pax 2
2.-Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias básicas.....	pax 3,4
3.-Obxectivos.....	pax 5
4.-Contidos de 1º Bach.....	pax5-14
5.-Temporalización dos contidos.....	pax 14
5.-1 Temporalización	pax 14
6.-Criterios de avaliación	
6.1.-1º Bach.....	pax 15,16
7.- Criterios de cualificación.....	pax 17
8.-Mínimos esixibles para unha cualificación positiva.....	pax 18
9.-Procedementos e instrumentos de avaliación.....	pax19
10.-Metodoloxía didáctica.....	pax19
11.-Materiais e recursos	
11.1.-Recursos bibliográficos.....	pax 20
11.2.- Leituras.....	pax20
11.3.-recursos audiovisuais.....	pax 21
11.4.-recursos de internet.....	pax21
12.-Accións previstas de acordo co proxecto lector.....	pax 22
13.-Potenciación e integración das TIC.....	pax 23
14.-Temas transversais.....	pax 23
15.-Medidas de atención á diversidade.....	pax 24
16.-Actividades complementarias e extraescolares.....	pax 24
17.- Criterios para avaliar a programación.....	pax 25

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA 2ª LINGUA ESTRANXEIRA: PORTUGUÉS.

1)INTRODUCCIÓN.

O Consello de Europa no seu documento Marco de Referencia Europeo das Linguas considera a aprendizaxe das linguas estranxeiras como unha prioridade para os cidadáns e cidadás de Europa xa que favorecerá a construción dunha Europa pluricultural e plurilingüe promovendo o coñecemento das distintas linguas e culturas e así aumentar o respecto por estas e a interacción entre a cidadanía europea.

Deste modo preténdese dar á aprendizaxe de linguas estranxeiras a súa dimensión de contribución á construción da identidade persoal libre e responsable do noso alumnado. Esta debe caracterizar, por outra parte, o cidadán europeo, aberto a todas as linguas e culturas, aberto aos demais, e capaz de integrar as informacións que lle chegan a través da variedade de linguas e culturas coas que entra en contacto.

Ao iniciar esta etapa de educación secundaria obrigatoria, o alumnado entrará posiblemente en contacto por primeira vez cunha segunda lingua estranxeira. Trátase pois nos primeiros cursos de familiarizalo con ela para a súa utilización en situacións de comunicación sinxelas e, progresivamente, lograr un dominio comunicativo suficiente para desenvolverse en situacións sinxelas e habituais da vida cotiá, e tamén noutras conectadas coas súas motivacións e intereses.

O curso 2013-14 é o quinto ano en que se imparte a materia de Lingua Portuguesa como 2ª lingua estranxeira no IES de Valga. A implantación desta materia fíxose en base ás seguintes razóns:

O coñecemento do portugués inflúe na valorización positiva do galego e reforza a aprendizaxe do noso idioma contribuindo a purificalo de castelanismos.

A proximidade física do territorio portugués favorece a práctica e o uso da lingua que se está a estudar nas aulas.

O dominio da Lingua Portuguesa acrecenta as saídas laborais do noso alumnado sobre todo pola proximidade de Portugal. Cada vez son máis as empresas ou particulares de Galicia que traballan en Portugal, ou para o país veciño, e demandan profesionais coñecedores do seu idioma. Tamén o Eixo Atlántico e a creación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal contribúen a aumentar as relacións institucionais e de todo tipo entre os dous lados fronteirizos. Así, o alumnado galego é o que mellor pode da UE para aprender portugués dada a súa proximidade territorial e lingüística. En pouco tempo pode acadar un nivel óptimo de portugués, o que o converte, á parte de cuestións sentimentais de agarimo e valorización positiva, nunha materia atractiva para o alumnado.

-O portugués é lingua de traballo da UE, do Mercosul, da OEA e a Unión Latina entre outros organismos supra-estatais. Fálano uns 200 millóns de persoas en

varios continentes. Estáselle, daquela, a ofertar ao alumnado unha aprendizaxe moi útil para a súa vida de relación e laboral.

Este curso escolar a Lingua Portuguesa impartirase en 3º da ESO e 4º da ES e 1º Bach. En 1º Bach é o segundo ano en que se imparte. Todo o alumnado cursou a materia durante dous anos e algúns tres por repetiren algún curso, co cal o nivel de coñecementos xa non é básico. É un intermedio, que con catro horas a semana esperamos que acaden os obxectivos dun nivel B1. De feito un dos obxectivos é levalos ao instituto Camões a facer a proba do B1 ou á proba por libre da EOI.xa que lles pode ser moi útil no futuro (validacións de créditos nas universidades, acreditacións internacionais...)

2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Sen dúbida as materias de linguas estranxeiras contribúen á **competencia en comunicación lingüística** pois ofrecen máis oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparanza entre as distintas linguas que se están a aprender.

Contribúe de xeito directo á **competencia de aprender a aprender**, xa que será a través dela que o alumnado accederá a distintos tipos de información, textos e contidos que lle permitan acceder á aprendizaxe.

A aprendizaxe dunha lingua comprende non só os aspectos lingüísticos senón tamén as compoñentes socioculturais que subxacen no uso desa lingua. Por outra banda a lingua é vehículo de transmisión cultural, o seu coñecemento favorece o respecto e tolerancia por outras culturas, aceptando a diversidade de valores e superando prexuízos e favorecendo actitudes socialmente positivas. É neste sentido que a materia contribúe tamén ao desenvolvemento da **competencia social e cidadá**.

A contribución ao desenvolvemento da **competencia no tratamento da información e a competencia dixital** vén dada polo manexo dos recursos TIC para a creación de distintos contextos comunicativos: chats, foros, blogs, correo electrónico..., uso das distintas ferramentas dixitais para manexar a información: CD, DVD, MP3, MP4, internet, presentacións Power Point... e o uso de recursos específicos de aprendizaxe da lingua: programas de software, páxinas web, dicionarios en liña, tradutores, correctores...

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira ofrece igualmente oportunidades para o achegamento ás súas principais manifestacións artísticas e culturais, é así que se contribúe aos desenvolvemento da **competencia artística e cultural**.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira supón a superación de dificultades e xera autoconfianza e autoestima, converténdose nunha ferramenta fundamental á hora de desenvolver aspectos relacionados coa autonomía

propia e favorecendo o desenvolvemento da **competencia de autonomía e iniciativa persoal.**

3.- OBXECTIVOS

1. Comprender mensaxes orais claras con certo nivel de dificultade, relativas ás situacións de comunicación máis habituais ou que conteñan información sobre o contorno próximo familiar e social e producidas por falantes ou por medios de reprodución e de comunicación.
2. Utilizar oralmente a lingua estranxeira co fin de satisfacer necesidades de comunicación tanto en interacción reais e propias da aula, como en interaccións simuladas que reproduzan situacións reais cotiás e interaccións sociais , producindo textos comprensibles e amosando interese por comprender e facerse comprender.
3. Comprender mensaxes escritas relativas a situacións habituais de comunicación expresadas en diferentes tipos de texto, identificando cunha finalidade comunicativa concreta as informacións globais e específicas que transmiten os textos.
4. Escribir textos cun certo nivel de dificultade con cohesión e coherencia e que respecten as regras do código escrito.
5. Ler de forma comprensiva e cada vez cun maior grao de autonomía textos adecuados ás capacidades e intereses co fin de obter informacións requiridas previamente.
6. Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación e valoralo como elemento que facilita a aprendizaxe e mellora as producións propias.
7. Comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando trazos básicos e evitando os estereotipos, e incidindo nos trazos característicos da cultura galega para cumprir, se é o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais.
8. Usar estratexias de aprendizaxe xa aprendidas noutras linguas e desenvolver e ampliar outras mediante a comparación e contraste entre as diferentes linguas do currículo, aplicando a experiencia previa nesas linguas á aprendizaxe da segunda lingua estranxeira.

4.- CONTIDOS DE 1º BACH:

BLOQUE 1. ESCOITAR E FALAR:

- Comprensión de mensaxes orais de progresiva complexidade articuladas con claridade e pausadamente, para realizar actividades da aula.

- Comprensión de textos orais de dificultade crecente- diálogos, anuncios, información meteorolóxica, localización dunha persoa, obxecto ou lugar- conectados cos seus intereses gravados ou en diferentes soportes multimedia.
- Identificación e dominio progresivo de aspectos fonéticos, de ritmo, acentuación e entoación do portugués para a comprensión e produción oral.
- Participación en situacións reais ou simuladas de comunicación(dar e pedir información de carácter persoal, profesional e de ocupación do tempo libre, presentar suxestións para mellora o medioambiente,coñecer a realidade da inmigración e emigración en Portugal comporándoa co noso país, coñecer mellor o Portugal continental e illas,comprender noticias da radio,,textos publicitarios da área do turismo, falar de vacacións e viaxes, comprender oral de testemuños de experiencias de desemprego comprensión oral de diferentes experiencias e modo de vida da xuventude, reproducir o que alguén di, coñecer a visión de algúns portugueses sobre a Unión Europea e expresar a súa propia visión, coñecer o portugués de Brasil, diferenzas de pronuncia en Brasil, Portugal, Angola e Timor Leste), dando respostas verbais ou non verbais que supoñan unha elección entre un repertorio cada vez máis amplo de posibilidades, en contextos progresivamente menos dirixidos.
- Utilización das convencións propias do proceso comunicativo: prestar atención á persoa que fala, quendas de palabra, contacto visual, actitude positiva e adecuación da resposta á intervención das outras persoas.
- Utilización das estratexias para apoiar a comprensión e expresión oral: uso do contexto visual e non- verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación transferidos desde as linguas que coñece ao portugués e solicitando repeticións para asegurar a comprensión. Bo uso dos conectores.
- Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas en portugués como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.

BLOQUE 2: LER E ESCRIBIR:

- Asociación da grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos, e expresións orais coñecidas e consolidación das asociacións grafía-son das mensaxes empregadas en situacións funcionais de comunicación.
- Lectura e comprensión de diferentes mensaxes significativas (entrevistas con personaxes de interese, bitácoras,.) en papel e soporte dixital, adaptadas á competencia lingüística do alumnado para utilizar información global e específica no desenvolvemento dunha tarefa ou polo pracer da lectura.
- Comprensión xeral e identificación de informacións específicas, solicitadas previamente, en diferentes tipos de texto sinxelos auténticos e adaptados, en soporte papel e dixital, sobre diversos temas adaptados á súa idade, que vehiculen aspectos socioculturais dos países da lusofonía como a reciclaxe, contaminación, emigración e inmigración,

Portugal continental, ventaxas e desventaxas de vivir nunha illa, a vida nun mundo de présa, costumes, tradicións e produtos típicos, vacación, viaxes, textos publicitarios da área do turismo

- Uso guiado de estratexias de lectura (utilización de imaxes, títulos e outras informacións visuais, e dos coñecementos previos sobre o tema ou situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece o alumnado), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.
- Lectura expresiva e escritura de textos propios de situacións cotiás próximas como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas, xogos.
- Composición de textos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados moi coñecidos oralmente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da vida diaria.
- Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para ler e transmitir información (webs, programas multimedia, correo electrónico).
- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos valorando o sentido estético dos mesmos.
- Interese por cooperar na utilización da lingua portuguesa na súa forma escrita na aula, por expoñela como recordatorio visual e para a aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e espazos da aula, calendario, normas, xogos...)
- Iniciación ao coñecemento de estratexias para producir textos (elección de persoa destinataria, finalidade, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda.

BLOQUE 3: COÑECEMENTOS DA LINGUA:

COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS

- Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua, revisión do dado en cursos anteriores e como nova aprendizaxe traballar sobre as palabras compostas, revisión do imperativo, do presente de subxuntivo, do infinitivo persoal, do futuro de subxuntivo, do imperfecto de subxuntivo, frases condicionais, palabras derivadas por prefixación e sufixación, o discurso indirecto, a conxugación pronominal, formas e ortografía do portugués de Brasil e Angola.
- Fomentar o bo uso dos conectores para crear textos orais e escritos con coherencia e cohesión. enumeracións e clasificacións – en primeiro lugar, a continuación, logo, finalmente.
- Identificación e uso de expresións comúns, de frases feitas sinxelas relativas ao tempo meteorolóxico, gustos, localización espacio-temporal, lugares e de léxico relativo a contextos concretos cotiás de prioridade inmediata (comida, bebida, actividades cotiás e de lecer, o corpo e o estado físico...)

- Pefeccionamento de pronuncia de fonemas básicos..
- Recoñecemento e produción comprensible de patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE

- Ampliación de estratexias para organizar, adquirir, recordar e utilizar léxico.
- Uso guiado de estratexias que permiten a adquisición de novos coñecementos e a súa integración na propia competencia: memorización, identificación de necesidades, inferencia.
- Uso de estratexias para producir lingua adecuadamente: repetición por imitación e recoñecemento e uso de modelos da lingua estranxeira.
- Uso de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e comunicación.
- Reflexión guiada sobre o uso e o significado das formas gramaticais axeitadas a distintas intencións comunicativas.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección das producións orais e escritas propias así como actividades de avaliación compartida.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
- Participación activa en actividades e traballos grupais.
- Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita.

BLOQUE 4: ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONSCIENCIA INTERCULTURAL:

- Recoñecemento e valoración do portugués como instrumento de comunicación internacional
- Identificación e respecto dos principais trazos ou costumes da vida cotiá propios doutros países da lusofonía (Especialmente Portugal continental e illas, Brasil, Angola e Timor Leste) respecto a patróns culturais existentes en Galicia.
- Iniciación á competencia intercultural mediante a identificación de aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala portugués coas culturas do alumnado, se é o caso analizándoos comparativamente, evitando os estereotipos e incidindo nos trazos característicos da cultura galega.
- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.
- Respecto pola cultura da lingua portuguesa en comparación coa galega, acadando unha consciencia intercultural que supere os estereotipos.
- Toma de conciencia da diversidade lingüística e cultural europea e aceptación da propia pertenza a esta, evitando actitudes etnocéntricas.

UNIDADE 1

Competencias:

- Presentarse
- Dar e pedir informacións de carácter persoal, profesional e de ocupación do tempo libre.
- Coñecer e presentar figuras coñecidas
- Comentar textos da prensa escrita.
- Falar e soños
- Coñecer proverbios portugueses

Áreas lexicais/vocabulario:

- Identificación e caracterización persoal
- Actividades no tempo libre
- Cualidades e defectos
- Descrición física e psicolóxica.
- Proverbios

Áreas gramaticais:

- Palabras compostas
- Revisión do imperativo e outros tempos verbais

Práctica fonética:

- palabras parónimas e palabras homófonas
- Acentuación e pronuncia

UNIDADE 2

Competencias:

- Comprender textos da prensa escrita sobre temas de separación e reciclaxe do lixo e contaminación.
- Comprensión oral e escrita de noticias sobre o tema.
- Expresar dúbida.
- Expresar opinión.
- Presentar suxerencias para a obtención dun mellor medioambiente.

Áreas lexicais/vocabulario:

- separación e reciclaxe de lixo
- Contamiación. Causas e consecuencias.

Áreas gramaticais:

- Infinitivo persoal/Presente e subxuntivo

Práctica fonética:

- Palabras homófonas

UNIDADE 3

Competencias:

- Coñecer a realidade da emigración, a inmigración e da migración en Portugal
- Comprender entrevistas e testemuños na prensa escrita.
- Compara a situación de Portugal coa do seu país.
- Comprensión oral e escrita de entrevista.
- Expresar desexo, sentimento e aprobación

Áreas lexicais/vocabulario:

- Emigración, inmigración e migración: causas e consecuencias.
- Causas de éxito e fracaso na emigración.
- Entrevistas e testemuños.

Áreas gramaticais:

- Presente de subjuntivo

Práctica fonética:

- Acentuación e pronuncia

UNIDADE 4

Competencias:

- Coñecer mellor Portugal continental e illas.
- Comprender e comentar perspectivas de vidas diferentes.
- Falar sobre os aspectos máis interesantes do seu país.
- Comprender o significado de expresións idiomáticas comúns.
- Expresar opinión.
- Comprensión oral dunha lenda azoriana.

Áreas lexicais/vocabulario:

- Portugal continental e illas: xeografía e outras informacións de interese
- Vivir nunha illa: vantaxes e desvantaxes
- Expresións idiomáticas.

Áreas gramaticais:

- Verbos derivados: de Fazer, pôr, pedir, ter, vir, ver.

-Verbos dar, ficar, passar seguidos de preposición.

Práctica fonética:

- Palabras parónimas e homófonas.
- acentuación e pronuncia

UNIDADE 5

Competencias:

- Comprender e comentar textos críticos e gráficos da prensa escrita.
- Coñecer datos sobre o tema: os portugueses e a felicidade.
- Comparar a situación en Portugal coa do seu país.
- Expresar opinión e argumentar.
- Trazar obxectivos de vida.
- Expresar condición en relación ao futuro
- Comprender noticias de radio

Áreas lexicais/vocabulario:

- Textos da prensa escrita sobre os portugueses e a felicidade.
- A vida nun mundo con presión
- Noticias de radio
- Proverbios populares

Áreas gramaticais:

- Futuro de subjuntivo
- presente de subjuntivo+Futuro de subjuntivo

Práctica fonética:

Acentuación e pronuncia

UNIDADE 6

Competencias:

- Coñecer costumes, tradicións e produtos típicos portugueses.
- falar do tema en relación ao seu país.
- Comprender e comentar gráficos e textos informativos, críticos ou irónicos da prensa escrita.
- Comprensión oral de textos publicitarios da área do turismo.
- Falar de vacacións e destinos de viaxe máis comúns no seu país.

Áreas lexicais/vocabulario:

- costumes, tradicións e produtos típicos.

- Vacacións: épocas e destinos.
- Viaxes.
- Textos publicitarios da área do turismo.
- Expresións idiomáticas: comparacións.
- Sinónimos

Áreas gramaticais:

- Palabras derivadas por prefixación e sufixación

Práctica fonética:

Diferentes sons das vocais **a,e,o**

UNIDADE 7

Competencias:

- Coñecer a situación dos sen teito en Portugal.
- Coñecer organizacións e voluntariado en Portugal
- Comprender gráficos, noticias e crónicas sobre o tema do emprego.
- Comprensión oral de testemuños de experiencia de vida difíciles.
- Expresar condicións irrealis
- Expresar opinión

Áreas lexicais/vocabulario:

- Os sen teito
- O desemprego
- Asociacións de solidariedade social
- Traballo voluntario
- Sinónimos

Áreas gramaticais:

Imperfecto de subxuntivo

- Se+Imperfecto de subxuntivo/Imperfecto de indicativo

Práctica fonética:

- Palabras con pronuncia diferente da letra **o** no singular e plural.

UNIDADE 8

Competencias:

- Comprender e comentar textos da prensa escrita sobre a dependencia dos xoves fronte ás novas tecnoloxías e a televisión.
- Expresar opinión sobre os temas
- Comprender a linguaxe escrita dos SMS

- Expresar condición con diferentes graos de probabilidade.
- Comprensión oral de diferentes experiencias e modo de vida dos xoves

Áreas lexicais/vocabulario:

- Os xoves e as novas tecnoloxías
- A linguaxe abreviada dos SMS
- Os nenos e a televisión
- O mundo aos 18 anos: ocupación do tempo libre e vida nocturna

Áreas gramaticais:

- Pretérito pluscuamperfecto composto de subxuntivo
- Frases condicionais:
Se+Futuro de subxuntivo
Se + Imperfecto de subxuntivo
Se + pretérito perfecto composto de subxuntivo

Práctica fonética:

- Diferentes pronunciacións da letra x

UNIDADE 9

Competencias:

- Comprender e comentar textos da prensa escrita.
- Expresar opinión
- Responder a un cuestionario
- Reproducir o que alguén di
- Comprensión oral de testemuños reais.

Áreas lexicais/vocabulario:

- Persoas maiores activas
- Envellecemento da poboación
- A loita contra o envellecemento e ideais de beleza
- Expresións idiomáticas

Áreas gramaticais:

- Discurso indirecto
- Interrogativas indirectas
- Indicativo/subxuntivo

Práctica fonética:

Palabras homófonas

UNIDADE 10

Competencias:

- Coñecer a falar sobre a variedade de prensa escrita existente.
- Expresar opinión sobre un mundo ideal.
- Coñecer a opinión de algúns portugueses sobre a Unión Europea e expresar súa propia visión.
- Comprensión oral de diálogo

Áreas lexicais/vocabulario:

Éxito da prensa escrita gratuita

- Diferentes seccións de un xornal e diferentes tipos de xornal.
- Un mundo ideal
- Portugal e a Unión Europea
- Portugal: informacións xerais

Áreas gramaticais:

- Conxugación pronominal co Futuro de indicativo e co Condicional.

Práctica fonética:

- Palabras homógrafas

UNIDADE 11

Competencias:

- Coñecer diferenzas entre portugués de Portugal e portugués de Brasil
- Comprender o portugués do Brasil.
- Coñecer diferentes visións sobre São Paulo
- Comprender textos a prensa escrita brasileira
- Expresar opinión

Áreas lexicais/vocabulario:

- A Amazonia
- A cidade de São Paulo. Diferentes visións
- Sinónimos
- Como preparar unha caipiriña

Áreas gramaticais:

acentuación e ortografía

Práctica fonética:

- Diferenzas entre portugués de Brasil e portugués europeo

UNIDADE 12

Competencias:

- Coñecer un pouco a historia de certas rexións de Angola
- Coñecer o espírito de festa que se vive en Luanda
- Recoñecer diferenzas de pronuncia
- Coñecer un pouco sobre Timor Leste
- Comprender o portugués que se fala en Luanda e algún vovabulario que se usa en Angola

Áreas lexicais/vocabulario:

- Angola: O Lubango e o Namibe
- As linguas dos países africanos de lingua oficial portuguesa
- O espírito de festa en Luanda
- Un ollar sobre Timor Leste

Áreas gramaticais:

- Formas, ortografía e partículas usadas especificamente no portugués de Angola

Práctica fonética:

- Pronuncia do portugués de Angola

5.-TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS:

Os contidos dividiranse en 12 unidades correspondentes ao manual Portugués XXI Nivel B1

- Competencias, recursos expresivos, que favorezan a comunicación oral e mais escrita.
- Áreas lexicais e vocabulario
- Áreas gramaticais
- Práctica fonética

5.-1.- TEMPORALIZACIÓN de 1º Bach

Neste terceiro curso o programa é moi amplo mais con 4 horas semanais pensamos que o cumpliremos. Faremos un repaso dos contidos fundamentais do curso anterior nas primeiras semanas da 1ª avaliación.

Tamen na primeira avaliación daranse os temas 1,2,3,4 do libro Portugués XXI nivel B1 , na segunda os temas 5,6,7,8 e na terceira o 9,10,11,12

Haberá dous exames mínimos por avaliación.

Na memoria final verase se esta previsión foi executada na súa totalidade así como os cambios que puidera haber.

6-CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

6.1.- 1º BACH

1.-Comprender a idea xeral e informacións específicas de mensaxes orais emitidas cara a cara ou procedentes de distintos medios audiovisuais, sobre temas coñecidos e articulados con claridade e pausadamente. Este criterio avalía a capacidade para comprender a idea xeral e detalles específicos de mensaxes breves e conversacionais, ben adaptadas, e ben auténticas e sinxelas, sobre temas familiares – descrición de persoas, obxectos, lugares e accións, concreción de citas, expresión de estados de saúde...-tanto emitidos cara a cara como por distintos medios audiovisuais. Valorarase especialmente a utilización de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais.

Competencia lingüística, social e cidadá, aprender a aprender.

2.- Participar con progresiva autonomía en conversas espontáneas relativas ás necesidades na aula, e en simulacións nas que se narre ou describa experiencias persoais, plans e proxectos, empregando estruturas moi sinxelas, as expresións máis usuais de relación social nos rexistros familiar e neutro, o vocabulario básico dos temas e ámbitos estudados e unha pronuncia comprensible que non impida a comunicación.

Con este criterio avalíase a capacidade para desenvolverse en situacións interactivas habituais de clase (pedir información, e aclaración, pedir permiso, traballar en grupo,etc..) e as creadas polo profesor (xogos, simulacións, xogos de rol, comunicacións mediante as novas TIC,etc... Valorarase a utilización das estratexias básicas para apoiar a comprensión e expresión oral: uso do contexto visual e non verbal, soletreo e solicitude de repeticións para asegurar a comprensión.

Competencia lingüística, autonomía e iniciativa persoal, aprender a aprender.

3.-Participar comprensivamente en situacións de comunicación escritas (da vida da aula ou simuladas), respectando as normas básicas dos intercambios escritos e empregando formas lingüísticas e non-lingüísticas.

Avalíase con este criterio a capacidade de interaccionar en situacións comunicativas necesarias na vida diaria (pedir algo, cubrir un formulario, aceptar unha invitación...)Atenderase tamén á actitude coa que se participa nos intercambios: mirar a quen se dirixe e o interese pola composición de textos a partir de modelos

Competencia lingüística, aprender a aprender, dixital.

4.-Comprender o significado global e algunhas informacións específicas de textos sobre temas diversos, motivadores e adaptados á competencia lingüística dos alumnos e alumnas, en soporte papel e dixital.

Con este criterio avalíase a capacidade de extraer información global e específica, con axuda de estratexias fundamentais de comprensión escrita, como usar elementos do contexto lingüístico e non lingüístico e transferir coñecementos das Linguas que coñece, así como a adquisición do léxico previamente traballado.

Competencia lingüística, aprender a aprender, autonomía persoal, dixital.

5.-Producir mensaxes escritas significativas nas que aparezan enunciados e textos con certo nivel de dificultade a partir de modelos, cunha finalidade determinada e cun formato preestablecido, tanto en soporte papel como dixital.

Este criterio intenta valorar a capacidade de escribir textos diversos como notas, instrucións ou normas, cartas, carteis, folletos, cómics ou descricións sinxelas con corrección ortográfica. Avaliarase a capacidade de utilizar o modelo ou guía para producir un texto con certo grao de autonomía, atenderase tamén ao interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

Competencia lingüística, social e cidadá, cultural e artística

6.-Na propia lingua, comparar os aspectos da vida cotiá nos países lusófonos cos do propio país, identificando trazos básicos e evitando estereotipos.

Trátase de avaliar a competencia intercultural, o interese por coñecer a outra cultura e a consciencia do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas. Valorarase especialmente a consciencia da diversidade lingüística e cultural lusófona, a aceptación da propia pertenza a esta, evitando as actitudes etnocéntricas. Dada a dificultade lingüística de expresarse na lingua estranxeira, propóranse actividades de avaliación na lingua propia, posto que non é a competencia lingüística a que este criterio pretende avaliar.

7.- . CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O Bloque de contidos nº 1 comprende expresión e comprensión oral, a cualificación máxima para este bloque é de 3 puntos, dous para expresión e 1 para comprensión .

No Bloque 2 a puntuación máxima é de 4.5 puntos, repartidos en 2.25 para comprensión escrita e outro 2.25 para expresión escrita.

Os Bloques 3(coñecementos lingüísticos) e 4(aspectos socioculturais) teñen unha valoración máxima de 1.5 punto.

A actitude, interese, esforzo. A organización e coidado dos materiais de estudo, valoraránse ao todo con 1 punto.

As puntuacións máximas en cada un dos apartados anteriores fan un total de 10 puntos. A suma das puntuacións anteriores darán a cualificación do alumno/a por trimestre.

8. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA CUALIFICACIÓN POSITIVA :

De acordo co exposto anteriormente as puntuacións mínimas en cada un dos apartados para acadar unha cualificación positiva son:

No bloque 1 como mínimo 1.5 puntos dos 3 totais.

No bloque 2 como mínimo 2.25 punto dos 4.5 totais.

Nos bloques 3/4 será obrigatorio a presentación dos traballos ou a realización das actividades propostas aínda que non acaden a valoración proposta de 1.5 puntos. Se por algún motivo non se realizase esta actividade a puntuación pasaría a incrementarse no bloque 2 .

No apartado de actitude, esforzo(na aula, en casa), orde e coidado dos materiais de estudo, deberán acadarse como mínimo 0.5 puntos do punto total. A boa cualificación neste apartado, en casos puntuais, pode compensar non acadar os mínimos nalgún outro, nunca en todos, xa que a aprendizaxe dunha lingua estranxeira require tempo e os alumnos non teñen todos o mesmo ritmo de aprendizaxe. Pero lembremos que estamos en 1º Bach, non é ensino obrigatorio co cal o nivel de esixencia debe sr maior.

O explicado neste punto e no anterior queda resumido no seguinte cadro:

CONTIDOS	CUALIFICACIÓN		MINIMO PARA AV. POSITIVA
Bloque 1	3 puntos	2 expresión oral	1.5 puntos
		1 comprensión oral	
Bloque 2	4.5 puntos	2 comprensión escrita	2.25 puntos
		2 expresión escrita	
Bloque 3/4	1.5 puntos		Realizar a actividade o presentar o traballo (0.75)
Actitude, interese e esforzo. Organización e coidado dos materiais.	1 punto		0.5 puntos
AO TODO	10 puntos		5 puntos

Haberá un mínimo de dúas probas por avaliación (escritas e orais) Puntuadas sobre 10. Ao ser unha avaliación continua o resultado que conta é o final, que aprobe a terceira avaliación aproba o curso. Haberá unha recuperación final en xuño e outra en setembro.

En setembro só se terán en conta os bloques 1 e 2 (comprensión e expresión oral (40%) e expresión e comprensión escrita (60%)). Ao ser unha convocatoria extraordinaria o comportamento, motivación e traballo diario non será valorado.

9. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

As cualificación por trimestres e finais serán feitas a través das actividades propostas na clase de acordo cos seguintes apartados:

1. ESCOITAR E FALAR.

Valorarase a participación na clase e a progresión na correcta pronuncia, e a aproximación ao “sotaque” portugués.

O instrumento para avaliar serán actividades propostas na clase, de expresión oral e de comprensión, que o profesor rexistrará de cada alumno/a, na ficha de seguimento individual. Como mínimo deseñárase unha actividade destes tipos para cada trimestre.

Nesta proba valorarase a aprendizaxe de contidos mínimos na expresión de acontecementos da vida cotiá. **(30%)** . Con audicións na que deberán demostrar destrezas de comprensión completando textos de todo tipo (cancións...) , lectura/s con pronunciación adecuada , tamén se valorará a conversa por grupos nas que se deberá demostrar unha mínima fluidez .

Este anos contamos coa axuda **dun auxiliar de conversa : Nélio Carvalho (natural de Madeira) . A Xunta promove o fomento do portugués como segunda lingua estranxeira en secundaria con auxiliares de conversa nesta lingua.** Nélio comparte centros : O IES de Valga, O Xelmírez I de Santiago e O Félix Muriel de Rianxo. **Estamos entusiasmados coa idea de ter un nativo que axude especialmente na destreza oral da competencia lingüística,** así como nas outras competencias especialmente a social e cidadá , cultural e artística. Tamén aprender a aprender e a dixital xa que os alumnos deberán elaborar traballos co aprendido na aula e tamén froito do seu esforzo e pesquisas.

2. LER E ESCRIBIR:

Os exames (probas escritas) versarán sobre os contidos da Programación. Exercicios de comprensión e expresión escrita (40% da nota)

Tamén se proporán múltiples actividades de lectura e de escritura por trimestre para avaliar estes contidos

Haberá tamén unha proba sobre a lectura ou lecturas obrigatorias

Esta última proba pode ser escrita ou oral , co cal pode inserirse esta porcentaxe en exames (proba escrita) ou oral

O bloque de contidos 3, coñecementos lingüísticos avaliarase dentro das actividades orais e escritas propostas para os bloques 1 e 2 (15%)

No bloque 4 valorarase positivamente a asistencia, educación na aula, **traballo na casa e na aula**, corrección no traballo no caderno e **evolución na aprendizaxe, motivación... (10%)**

Haberá un mínimo de dúas probas por avaliación (escritas e orais) Puntuadas sobre 10. Ao ser unha avaliación continua o resultado que conta é o final, que aprobe a terceira avaliación aproba o curso. Haberá unha recuperación final en xuño e outra en setembro.

En setembro só se terán en conta os bloques 1 e 2 (comprensión expresión oral (40%) e expresión e comprensión escrita (60%)). Ao ser unha convocatoria extraordinaria o comportamento, motivación e traballo diario non será valorado.

10.-. METODOLOXÍA DIDÁCTICA QUE SE VAI A APLICAR

Activa e participativa, baseada principalmente nas intervencións do alumnado ensaiando constantemente reproducir a lingua estudada, ben oralmente ou por escrito, con modelos e pautas ou sen eles, a través da repetición o da creación propia.

Traballarase a oralidade da lingua a través de audición de diálogos, músicas, lecturas etc. Tamén co visionado de filmes, documentários e programas de tv. Recreación de situacións. Esta parte terá moita importancia, corresponde co bloque 1.

O bloque de contidos 2 traballarase con textos, relacionados coas audicións ou non, exercicios, lecturas, diálogos, pesquisas en internet.

Seguirase tamén un manual de . Português XXI . B1

.

11.- MATERIAIS E RECURSOS QUE SE VAN UTILIZAR.

11.-1 Recursos bibliográficos:

As clases terán como punto de apoio básico o seguinte material:

Libro de texto: TAVARES, Ana: Português XXI. 2. Livro do aluno. Editorial Lidel, Lisboa 2008.

-Caderno de exercicios: TAVARES, Ana: Português XXI. 2 Caderno de exercicios. Editorial Lidel, Lisboa 2008

-CD-Áudio: TAVARES, Ana: Português XXI.A2 CD- Áudio. Editorial Lidel, Lisboa 2008.

-TAVARES, Ana: Português XXI. 2. Livro do professor. Editorial Lidel. Lisboa 2008.

-Un Dicionario de Lingua Portuguesa(citado máis adiante)

-Material bibliográfico de entre o que se pode subliñar:

.MATA COIMBRA, Olga, COIMBRA, Isabel: Gramática activa 1 e 2. Editorial Lidel, Lisboa 2000

.NUNES DE FIGUEIREDO, J. M., GOMES FERREIRA, A: Compêndio de gramática portuguesa. Curso geral de ensino básico. Editorial Porto Editora. Lisboa 1979

.CASTRO PINTO, José Manuel de: Novo prouduário ortográfico. Plátano editora. Lisboa 2006, 7ª ed.

.RAMOS, Elisabete: Portugalizar. Portugués para galegofalantes. Ed. Xerais, Vigo 2006

.DUARTE, M. C. A.: Aprende y mejora rápidamente tu portugués (con CD-audio). Ed. De Vecchi, Barcelona 2007

Varios: Ola! Como está. Curso intensivo de Portugués Lingua Estrangeira. Ed. Lidel. Livro. Caderno de exercicios e CD.

- LEONEL MELO, Rosa. Vamos lá comezar. Nível elementar. Lidel. Lisboa 2006.

- LEONEL MELO, Rosa. Vamos lá continuar. Níveis intermédio e avançado (B1,B2,C1). Lidel. Lisboa 2003.

- OLIVEIRA, Carla, e outros: Aprender portugués. Curso inicial de língua portuguesa para estrangeiros. Níveis A1/A2. Texto Editores Lda. Lisboa 2006. (inclui CD audio)

- OLIVEIRA, Carla; COELHO Luísa. Aprender portugués. Compreensão oral. Níveis A1/A2. Texto Editores Lda. Lisboa 2008. (inclui CD audio)

- ESPADA, Francisco: Manual de fonética. Exercícios e explicações. LIDEL. Lisboa 2006. (inclui CD audio)

- AZEREDO, M. Olga, e outros: Exercícios. Gramática práctica de portugués. Da cominucação à expressão. Lisboa Editora. Lisboa 2006.

- FERNANDES, Ana Isabel, e outros: Dicionário ilustrado Prtuguês. : Dicionário de Prtuguês língua não materna. Porto Editora. Porto 2007.

- Guía de conversación. Español-portugués. Porto Editora. O Porto 2004.

- Dicionário básico ilustrado. Língua portuguesa. Porto Editora Lda. O Porto 2002.

- Dicionário Espanhol-Portugués. Porto Editora Lda. O Porto 2006.

- Dicionário Portugués-Espanhol. Porto Editora Lda. O Porto 2006.

- Dicionário da Língua Portuguesa 2009. Porto Editora Lda. O Porto 2008.

O alumnado, á parte dos exercicios do libro de texto e do caderno de exercicios e doutro material facilitado pola profesora, participará de todo ou de parte do material electrónico que hai dispoñíbel en Internet: informacións, exercicios, cancións...

Recibirá uns apéndices dos paradigmas verbais completos e doutros aspectos morfolóxicos.

Revisaranse sempre os contidos gramaticais.

Tamén, na medida do posíbel, recibirá gravacións ou verá a 2º canle da Televisión Portuguesa, nomeadamente a programación infantil tipo A Ilha das Cores ou os programas do profesor Hermano Saraiva.

Algunhas emisoras da Radio de Portugal pódense ouvir entre nós. Recomendáraselles algunha audición.

11.2.- Leituras:

Deberán ler dous libros de lecturas de apoio será..

No segundo trimestre

ZAMBUJAL, Mário: Crónica dos bons malandros. Quetzal Editores. Lisboa 2005.

No terceiro trimestre decidírase o libro en función do nivel e gustos do alumnado. reflectirase nun acta da reunión de departamento de galego.

11.-3.- Recursos audiovisuais:

BARRETO, António; PONTES, Joana: Portugal, um retrato social. Cidadãos. RTP e Público. 2007. Documentário em DVD e livro, nº 5.

BARRETO, António; PONTES, Joana: Portugal, um retrato social. Um país como os outros. RTP e Público. 2007. Documentário em DVD e livro, nº 6.

BARRETO, António; PONTES, Joana: Portugal, um retrato social. Igualdade e conflito. RTP e Público. 2007. Documentário em DVD e livro, nº 7.

BROUWERS, Pierre: Portugal. Um país de tradições vivas. Prívideo e Media 9.2006, DVD.

Campeões. Oliver e benji. Lusomundo. Lisboa 2001. DVD.

A Idade do gelo 2. Descongelados. Twentieth Century Fox Animation.2006. DVD.

Português para nós: www.portuquesparanos.com

Português em Ferrol: www.portuques-ferrol.blogspot.com

Linguateca: www.linguateca.pt

Língua Ativa: www.linguativa.com.br

Instituto Camões: www.instituto-camoes.pt

SAPO: www.sapo.pt

Lusocast: www.lusocast.com

TSF: www.tsf.pt

TSF: www.tsf.pt

SIC: www.sic.pt

RTP: www.rtp.pt

Público: www.publico.clix.pt

Youtube Brasil: www.br.youtube.com

Terra Brasil: www.terra.com.br

Corrector online FLIP: www.flip.pt/fliponline/tabid/294/default.aspx

11.-4 Recursos da Internet

Portal Galego da Língua: www.agal-gz.org

Português no prato. Curso on-line destinado á hostelería.

Falamos Brasil. Curso on line.

Blog.Lusopatía

O bloque 3: realización de exercicios, orais e escritos, realización de traballos, individuais e de grupo. Pesquisas en internet.

O bloque 4: visionado de documentos audiovisuais sobre a vida e cultura portuguesas, lectura de textos actuais, xornais e revistas, visionado de programas de tv e pesquisas na internet

12. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR.

A lectura traballarase de forma colectiva na aula cos materias de lectura expostos máis arriba. Procurarase a a dotación de lecturas en portugués para a biblioteca do centro.

Lerase mínimo dun libro por curso

EÇA DE QUEIRÓS: O Mandarin. Luso-Española de Ediciones. (inclui CD audio). Ou Crónica dos Bons Malandros de Mário Zambujal.

Será avaliado de forma oral ou escrita. Unha parte da lectura realizarase parte en casa, parte na aula onde se fará un ha lectura individual en voz alta cuidando a correcta pronunciación do portugués.

Así desenvolveremos a competencia de comunicación oral

Tamén a competencia escrita mandándolles facer unhas fichas de comprensión lectora e de expresión escrita .

Procurarase ter na medida do posible unha biblioteca de aula para intercambiarmos opinión sobre clásicos, cómics, libros de lectura doada axustada ás necesidades do alumnado.

Sempre que sexa posible traeremos un animador externo para que nos fale de literatura, que nos conte unha historia ou realizare un taller creativo.

13. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC.

Procuraremos utilizar na aula as TIC sempre que for posible, pero xa é sabido que hai carencias físicas na aula como falta de ordenadores, de pizarra electrónica, si contamos con conexión a internet, un ordenador na mesa do profesor e un canón..

A pesar diso somos conscientes de que que o ordenador forma parte da vida cotiá dos nosos alumnos e non é difícil para eles realizar actividades valéndose deste medio(competencia dixital), polo que ao longo da programación xa fomos sinalando diversas actividades que os alumnos e a profesora deberá realizar coas tic como son a elaboración de traballos escritos no ordenador e o uso de internet para buscar información.

Continuando co Proxecto TIC no que o departamento de Lingua Galega participou economicamente hai dous anos contamos cunha aula de idiomas con 10 ordenadores conectados a internet, pantalla para CD/DVD e canón.

Impártese clase só unha hora á semana por curso por necesidades horarias do centro xa que tamén se imparten alí inglés e francés.

14.-PROGRAMA DE TEMAS TRANSVERSAIS

É ben sabido que os contidos transversais non se consideran específicos de ningunha área curricular concreta, senón que se cre que a presenza dos mesmos debe ser tida en conta en todas elas, dado que a importancia dos mesmos na formación ética dos alumnos non se pode contextualizar como un contido dunha área particular nin dar a sensación de selo.

Nós coidamos que desde a materia de 2ª Lingua estranxeira. Potuguês hai uns contidos transversais que se poden integra mellor ca outros. A nosa proposta é.

-A EDUCACIÓN NON SEXISTA. Estudo da linguaxe sexista

-A EDUCACIÓN PARA A PAZ E A TOLERANCIA : En temas de conflito lingüístico e do respecto polas variedades lingüísticas. Estudo comparativo das linguas de partida e chegada(galego, español e portugués)

-murais deseñados polos alumnos sobre distintas temáticas que serán expostos no centro

-colaboración coa biblioteca en actividades que se realicen nela con textos, cancións, creacións propias, traballos sobre actos que se organicen alí (, a violencia de xénero, as guerras no mundo, as dictaduras, o tratamento da publicidade sexista...-Outros temas como a educación medioambiental, a educación para a saúde, a educación vial... serán introducidos a través da selección de textos empregados e do seu comentario semántico.

Aproveitaremos na medida do posible as datas oficiais de conmemoracións para propoñer distintas actividades.

15. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A metodoloxía xeral da aula empregará como estratexia o traballo cooperativo fomentando a autoavaliación e a coavaliación. Respectarase os ritmos de aprendizaxe de cada alumno como se explicou na avaliación.

Procurarase a construción das aprendizaxes e a procura de contidos funcionais e significativos na aprendizaxe da lingua estranxeira.

Tamén procuraremos a conexión dos contidos da materia cos intereses do alumnado.

-Haberá un contacto permanente co Departamento de Orientación para asesoramento de procedementos de adaptación curriculares e reforzo educativo.

-Deseñaranse actividades de reforzo para alumnos que non sigan o ritmo e para alumnos que o sobrepasen.

-Ofrecerase na medida do posible, diversidade de opcións á hora de plantexar traballos, propoñer libros de lectura ou exercicios de varios niveis de dificultade.

-Elaborarase ou procurarase material axeitado para alumnos con necesidades especiais de aprendizaxe, ben sexa por desfase académico, ben porque se incorporan noutro momento xa iniciado o curso procedentes doutro centro.

Todas estas estratexias son básicas para que se produza unha aprendizaxe significativa na liña metodolóxica expresada máis arriba, na concepción teórica do departamento.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

As realización das actividades que se propoñen é optativa.

Viaxe a Porto ou unha cidade próxima no terceiro trimestre de tipo cultural e lingüístico para todos os alumnos de portugués (3º, 4º ESO e 1ºBach).
Conxuntamente co IES Félix Muriel de Rianxo

- Intercambios con centros de ensino portugueses en caso de producirense
- Conferencias e charlas con persoas naturais de Portugal ou coñecedoras da lingua ou a sociedade portuguesa. Na Semana das linguas que organiza o centro

-Levar os alumnos a representacións teatrais e diversas exposicións de interese.

-como medida complementaria:

Clases na biblioteca para recoller información, elaboración de fichas bibliográficas e funcionamento de bibliotecas.

-Exposición no centro sobre a lusofonía ou temas da cultura portuguesa realizadas polo alumnado especialmente na Semana das Linguas e Culturas

17. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.

Nas sucesivas reunións de seminario e, polo menos, unha vez ao trimestre revisárase a eficacia da programación en canto a:

- Validez dos materiais.
- Aproveitamento de recursos.
- Disponibilidade de tempo e espazos do centro.
- Aproveitamento de actividades extraescolares e complementarias, programación de outras.
- Rendemento global do alumnado, trimestralmente.
- Eficacia das medidas adoptadas para á atención á diversidade.
- Eficacia dos plans de apoio e recuperación.

Esta avaliación servirá para introducir de inmediato as medidas correctoras pertinentes que redunden no mellor aproveitamento da materia por parte do alumnado.

A presente programación foi realizada polo Departamento de Lingua Galega e Literatura do IES DE VALGA, do que forman parte:

- Xefa de departamento, Pilar Buela Piedra
- Sinatura:

- Profesora de lingua portuguesa: Olga López López

Sinatura

En Valga, a 10 de outubro de 2013